

## METODOLOXÍA SEGUIDA NA INTERVENCIÓN:

---



---



---



---



---

## DIFICULTADES NA REALIZACIÓN DO PROXECTO:

---



---



---



---



---

## PROPOSTAS DE MELLORA DA INTERVENCIÓN:

---



---



---



---



---

## 4.- RECURSOS HUMANOS

## COMPOSICIÓN DO EQUIPO QUE EXECUTOU O PROXECTO

<i>POSTO DE TRABALLO</i>	<i>TITULACIÓN</i>	<i>TIPO DE CONTRATO *</i>	<i>Nº HORAS/ANO</i>
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

\* SINALAR SÓ SE É UN CONTRATO FIXO OU TEMPORAL

## 5.- FONTES DE FINANCIAMENTO

<i>GASTOS CORRENTES</i>	<i>GASTOS DE INVESTIMENTO</i>
CONTRIBUCIÓN DE MTAS _____	_____
CONTRIBUCIÓN C. AUTÓNOMA E/OU COPR. LOCAL _____	_____
<b>TOTAL</b> _____	<b>TOTAL</b> _____

## DETALLE DE GASTOS:

<i>GASTOS CORRENTES</i>	<i>GASTOS DE INVESTIMENTO</i>	
PERSOAL _____	ADQUISICIÓN DE INMOBLES _____	
MANTEMENTO _____	OBRAS _____	
ACTIVIDADES _____	EQUIPAMENTO _____	
OUTROS _____		
<b>TOTAL</b> _____	<b>TOTAL</b> _____	<b>TOTAL GASTOS</b> _____

**6.- VALORACIÓN GLOBAL DA REALIZACIÓN DO PROXECTO**


**7.- OBSERVACIÓNS**

Sinatura do alcalde	Sinatura do responsable do programa
Asdo.:	Asdo.:

**NOTA:** Deberase cubrir o anexo en todos os seus puntos para consideralo válido. Se non se pode responder algún apartado, deberanse expoñer as razóns.

*Orde do 30 de decembro de 2004 pola que se regulan as axudas para o mantemento de centros e servizos dedicados á atención á primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais da familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado a través do Decreto 195/2003, do 20 de marzo.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece no seu artigo 15.b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procurando que esta dispoña dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

Por outra banda, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais é o órgano da Administración do Estado ao que lle corresponde a promoción e o fomento dos programas sociais no marco das obrigas estatais e da cooperación coas comunidades autónomas, cofinanciando estas axudas en materia de primeira infancia (0-3) xunto coa Comunidade Autónoma de Galicia.

A orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 (DOG do 19 de febreiro de 1998), modificada pola Orde de 27 de novembro de 2000 (DOG do 29 de novembro de 2000) e pola

Orde de 25 de outubro de 2001 (DOG do 29 de outubro de 2001), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV, no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, que corresponda ao exercicio orzamentario no que se vaia materializar a contraprestación. Non obstante, todos os actos de trámite realizados ao abeiro da presente orde entenderanse condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron aqueles.

Esta orde adáptase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia, e os demais requisitos exixidos no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 14 de outubro de 2004.

As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.212A.4810, recollida no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, e o importe destinado a elas ascenderá a 3.042.023,98 euros.